

[Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, aos clusters empresariais galegos para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 \(código de procedemento IN540A\).](#)

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto as seguintes liñas:
Reforzamento, Formación, Bolseiros e Funcionamento.

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, á que se xuntarán os documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

Os formularios normalizados de solicitude de subvención regulados nesta orde deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN540A), dispoñible no enderezo da Internet <https://axudasindustria.xunta.es/att>.

Tamén se pode acceder, na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia> facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN540A. Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda, que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

O prazo para iniciar solicitudes a través da aplicación informática remata 24 horas antes do 30 de abril de 2010.